

ANEXO

Apelidos e nome: Couto Villar, Paula.
 N.R.P.: 3609537513 A2059.
 Grupo: D.
 Corpo/escala: auxiliar.
 Denominación do posto de traballo: secretario/a do director/a.
 Código do posto de traballo: OT.B01.00.000.15770.010.
 Centro directivo: Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
 Localidade: Santiago de Compostela.
 Nivel: 18.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de xullo de 2008, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe do Servizo de Neurofisioloxía Clínica deste complexo hospitalario.

Convocada por Resolución 1/2008, do 7 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 35, do 19 de febreiro), a provisión do posto de xefe de Servizo de Neurofisioloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, esta xerencia xeral, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 5 de xuño),

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de Servizo de Neurofisioloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, convocado por Resolución 1/2008, do 7 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 35, do 19 de febreiro).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-De conformidade coa base novena da convocatoria, o candidato nomeado será avaliado antes de que transcorran catro anos desde o seu nomeamento, para os efectos de prorrogar o desempeño da xefatura, por idéntico período, ou proceder á súa remoción.

Cuarto.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel no que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres (3) días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada

e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2008.

Jesús Caramés Bouzán
 Xerente xeral do Complexo Hospitalario
 Universitario de Santiago de Compostela

ANEXO

Posto: xefe do Servizo de Neurofisioloxía Clínica.
 Nome e apelidos: Manuel Peleteiro Fernández.
 DNI: 33168750-J.

Resolución do 29 de xullo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.

O punto 5 da base sexta B) das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto), do 19 e 22 de decembro de 2006 (DOG números 246 e 247, do 26 e 27 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego

de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, publicarase esta no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por puntos, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, polo tanto este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes da categoría do grupo de xestión da función administrativa, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es, relativas á baremación da fase de concurso, nos diversos puntos e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e
Desenvolvemento Profesional

Resolución do 30 de xullo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se modifica a do 2 de xuño pola que se declara rematado o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo e se lles adxudica con carácter de destino definitivo a praza correspondente.

A Resolución do 2 de maio de 2008 (DOG nº 89, do 9 de maio), da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativo á baremación definitiva da fase de concurso e á presentación da documentación dos definitiva-

mente seleccionados -no que aquí nos atine na categoría de facultativo especialista de área de nefroloxía-, foi obxecto de recurso en vía administrativa. Producida algunha modificación con ocasión deste recurso, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a puntuación obtida na especialidade de nefroloxía da aspirante Carmen Vázquez Gómez, DNI 33304209-W, no punto de experiencia con 16,500 puntos, acadando unha puntuación total de 88,612 puntos.

En consecuencia, decláraselle aspirante definitivamente seleccionada, de conformidade coa totalidade das prazas ofertadas.

Segundo.-Anular, en virtude da modificación producida, o nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde na categoría de facultativo especialista de área de nefroloxía de Teresa Cordal Martínez DNI 32764507-H, publicado pola resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde do 2 de xuño de 2008 (DOG nº 110, do 9 de xuño).

Terceiro.-Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde a Carmen Vázquez Gómez, DNI 33304209-W e adxudicarlle, con carácter de destino definitivo o Hospital Comarcal da Costa-Burela.

O prazo para facer efectiva a incorporación será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Non obstante o anterior, para os efectos administrativos desta toma de posesión serán os do primeiro día do prazo establecido na citada Resolución do 2 de xuño de 2008 (DOG nº 110, do 9 de xuño), da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, pola que se declara rematado o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo e se lles adxudica con carácter de destino definitivo a praza correspondente.

Cuarto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e
Desenvolvemento Profesional